



Expediente IET: P-20-096
Proxecto: Parque eólico Penas Boas
Concellos: Aranga e Oza-Cesuras (A Coruña)
Promotor: Greenalia Wind Power, S.L.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 14/04/2021 a Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto Parque eólico Penas Boas.

1. Antecedentes:

Con data do 03/04/2020 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu un informe sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe indicábase que o estudo de impacto ambiental (EIA), de acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, tiña que incorporar un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP). Ademais, facíanse unha serie de consideracións sobre os posibles efectos das infraestruturas na paisaxe e se indicaban distintos criterios e recomendacións encamiñados a minimizar os impactos e acadar unha adecuada integración paisaxística do proxecto.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.



3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na construción do parque eólico Penas Boas, de 16,8 MW, composto por 4 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, centro de seccionamento e control, e unha torre meteorolóxica). Os aeroxeradores terán 4,2 MW de potencia nominal, unha altura de buxa de 123 metros e 150 metros de diámetro de rotor. O centro de seccionamento e control resólvese cunha estrutura monobloque de formigón, cunhas dimensións en planta de 10,26 x 2,56 metros e 3,20 metros de altura. A torre meteorolóxica acadará unha altura de 123 metros. Os camiños proxectados terán unha lonxitude total de 2.626 metros, dos cales 1.494 metros corresponden a novas pistas e 1.132 metros a camiños existentes a acondicionar. A lonxitude total das gabias para o cableado é de 7.864 metros.

O parque eólico Penas Boas compartirá infraestruturas como a subestación e un tramo da gabiá de cableado co PE Gato, e a liña eléctrica de evacuación cos parques eólicos Gato e Felga.

As infraestruturas do parque están dentro da área de desenvolvemento eólico (ADE) do Plan sectorial eólico de Galicia denominada Monte do Gato.

O proxecto presenta modificacións respecto ao informado o 03/04/2020, sendo as máis salientables o cambio de modelo de aeroxerador, optando por máquinas de maiores dimensións e modificando lixeiramente as posicións das mesmas; a torre meteorolóxica terá unha maior altura; auméntase a lonxitude total dos camiños de acceso e das gabias de cableado do parque; e substitúese a subestación eléctrica por un centro de seccionamento e control.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento específico (anexo nº 3).

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase nas grandes áreas paisaxísticas Galicia Central e Golfo Ártabro, nas comarcas paisaxísticas Terra de Ordes e Golfo Ártabro Interior, respectivamente.

As infraestruturas do parque non se atopan dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico (AEIP) do Catálogo, situándose a máis próxima, a AEIP-07-01 Fraga das Barbudas e Val do Cambás a uns 2,6 km ao leste, e a AEIP-10-08 Fragas do Mandeo a uns 7,3 km ao noroeste. Os miradoiros máis próximos son o de Aranga, a unha distancia de 6 km en dirección nordés, e os de Rodeiro e Bandoxa a uns 5 e 6,5 km ao oeste.

En relación con outros valores citados no Catálogo, o Camiño de Santiago (Camiño Norte) discorre a uns 13 km en dirección sueste do aeroxerador AE-4, e o Camiño Inglés a uns 14 km ao noroeste do AE-1. Ademais, a uns 5 km ao noroeste sitúase a ruta de sendeirismo PR-G 35 O Río dos Dous Nomes.

As infraestruturas do parque sitúanse nas elevacións de Penas Boas ao norte e Marco do Castelo ao Sur. Trátase de cumios de relevo suave drenadas polo río Bexo e os regos de Cadaval e do Muíño Vello que conflúen no río Fervenzas, tributario do Mandeo. Nos montes predominan as cubertas de matogueira e rochedo, aparecendo diseminados distintos afloramentos rochosos graníticos, principalmente na contorna dos aeroxeradores AE-2 e AE-3, e plantacións de especies forestais de repoboación, eucaliptos e piñeiros. En menor medida, entre os cultivos forestais, intercálanse predios dedicados a prados e masas de frondosas autóctonas formando pequenos rodais e como pés soltos á beira dos camiños ou no límite das parcelas. Os núcleos de poboación son de pequeno tamaño e dispóñense principalmente á beira da estrada N-VI, como Montesalgueiro ou A Posta, que discorre ao





leste do proxecto a menos dun quilómetro de distancia e en paralelo á autoestrada A-6. Outros asentamentos de poboación próximos son os de Portoscalvos, A Fontevella, O Mato, Vilourís, A Tragallía, Milreu, Os Casavellos ou A Torre Lavandeira. Ademais das estradas anteriormente citadas, outras vías de comunicación na contorna do proxecto son a estrada autonómica AC-230, e que serve de acceso ao parque, e a provincial DP-0302.

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP do proxecto consta dunha diagnose do estado actual da paisaxe tomando como referencia o contido do Catálogo das paisaxes de Galicia, un estudo da calidade e a fragilidade visual do ámbito, descríbense as características básicas do proxecto, calcúlanse as cuncas visuais, identifícanse e valóranse os impactos e se describen as medidas preventivas e correctoras adoptadas para minimizalos.

Para a determinación dos impactos sobre a paisaxe, o EIIP inclúe gráficos e planos das cuncas visuais desde cada un dos aeroxeradores e un plano da cunca visual para o conxunto do parque. Ademais, calcúlase o grao de visibilidade en función da distancia e o número de aeroxeradores visibles, e se valora a incidencia ou afección visual sobre núcleos de poboación, vías de comunicación e elementos culturais e naturais, plasmando o resultado nun plano específico (Plano nº. 9 Afección paisaxística). Así mesmo, avalíanse os efectos sinérxicos dos parques próximos existentes ou en tramitación. O estudo complétase con fotografías do ámbito e infografía nas que se amosa a visibilidade do parque dende distintos núcleos e as vías de comunicación máis importantes.

O proxecto expón unha serie de medidas de integración paisaxística, as cales están relacionadas maiormente coas normas e recomendacións recollidas nas Directrices de paisaxe de Galicia, e inclúe un plan de restauración encamiñado á recuperación das áreas afectadas polas infraestruturas do parque.

Se ben o EIIP presentado adáptase en xeral aos contidos esixibles de acordo co artigo 11.2 da Lei 7/2008, e cos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008, non inclúe a xustificación de como se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística nin as determinacións das directrices da paisaxe, tal e como se recolle nos artigos 11.2d da Lei 7/2008 e 27.d do Regulamento.

Respecto á valoración dos efectos sinérxicos derivados da presenza doutros parques eólicos próximos, non se pode considerar correcta a súa cualificación como moderada, posto que tal e como se indica na avaliación das cuncas visuais, dende a maioría dos terreos onde será visible o PE Penas Boas, serán tamén visibles algún dos outros parques en tramitación, sendo en moitas ocasións máis dunha infraestrutura a que resulte visible dende cada punto, estimándose en particular moi alta a coincidencia da cunca visual do proxecto coas dos parques eólicos máis próximos, o PE Fontella e PE Feás. Ademais, no estudo de sinerxías non se detalla o número de aeroxeradores visibles dende os puntos de observación analizados.

O proxecto provocará unha intrusión visual vinculada á presenza dos aeroxeradores dispostos en dúas elevacións nunha zona de montes, o que lle confire unha elevada visibilidade debido á súa posición dominante no relevo.

En relación ás posibles afeccións aos elementos do Catálogo das paisaxes cabe indicar que o parque non se sitúa dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico, lugares de especial interese paisaxístico ou rutas de sendeirismo. En relación aos miradoiros, os aeroxeradores localizados na contorna do Marco do Castelo resultarán parcialmente visibles desde o miradoiro de Aranga, se ben a



afección non será especialmente significativa dada a distancia á que se sitúa e á presenza de plantacións forestais que actúan de pantallas visuais.

Tamén se producirán impactos visuais debido á distancia á que se sitúa o parque respecto aos núcleos de poboación, posto que existen distintos asentamentos na contorna próxima ás infraestruturas. Así mesmo, os aeroxeradores tamén terán incidencia visual sobre as principais vías de comunicación do ámbito, a autoestrada A-6, a estrada nacional N-VI e a autonómica AC-230, que discorren a curta distancia, se ben a visibilidade dende estas vías quedará atenuada en parte pola presenza de masas forestais ao longo do seu trazado.

Os principais impactos visuais virán derivados da acumulación de proxectos eólicos que provocarán un efecto sinérxico na paisaxe diminuindo a calidade visual e estética das escenas, posto que segundo a web do rexistro eólico de Galicia, existen catro parques en tramitación nun radio de menos de 4,5 km de distancia, e outro máis a uns 6,5 km en dirección oeste. O parque en tramitación máis próximo ao proxecto sitúase a uns 605 metros ao sur da posición AE-4, aparecendo un parque en explotación a 7,3 km ao nordés do aeroxerador AE-1.

Outros impactos están relacionados coa afección a elementos naturais de valor paisaxístico como son as formacións rochosas de granito, localizadas principalmente no monte Marco do Castelo, lugar de emprazamento das máquinas AE-2 e AE-3 (Directriz de paisaxe DX.17 a.4).

6. Conclusión:

Os principais impactos sobre a paisaxe produciranse debido á incidencia visual acumulada pola sinerxía con outros parques eólicos que se están a tramitar nas proximidades, algúns deles localizados a curta distancia do proxecto, e da proximidade dos aeroxeradores aos núcleos de poboación e ás vías de comunicación máis importantes. Ademais, as obras de cimentación e instalación das infraestruturas asociadas aos aeroxeradores AE-2 e AE-3, afectarán aos afloramentos rochosos de granito presentes.

Tendo en conta a disposición transitoria única do Decreto 238/2020, do 29 de decembro, este proxecto debe adaptarse ás Directrices de paisaxe de Galicia. Para tal fin, o EIIP deberá completarse cos seguintes contidos:

- Dada a importancia dos efectos sinérxicos que se poden producir na contorna pola acumulación de infraestruturas eólicas, deberase completar o estudo da sinerxía determinando, ademais da superficie visible dos outros proxectos próximos en tramitación, xa efectuada no EIIP, o número de aeroxeradores que resultarán visibles dende os puntos de observación considerados, e en base aos resultados procurar no propio deseño do parque o número e distribución espacial das máquinas que xeren un menor impacto visual na contorna.
- De acordo co disposto no artigo 11.2d da Lei 7/2008 e no artigo 27.d do Regulamento da Lei 7/2008, debe xustificarse como se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística e as determinacións das directrices de paisaxe para as unidades de paisaxe afectadas, de acordo co que para tal efecto dispón o apartado 4.1 “Disposicións de carácter xeral” das Directrices de paisaxe de Galicia.
- De acordo coa directriz de paisaxe DX.17 a.4, debe evitarse a afección aos afloramentos rochosos, en particular os que existen nas localizacións dos aeroxeradores AE-2 e AE-3, no monte de Marco do Castelo. Para tal fin, deberase estudar alternativas de deseño ou localización das infraestruturas asociadas a estas máquinas (zona de acopio de palas,





plataformas de montaxe, etc.) que provoquen un menor impacto aos elementos mencionados.

- No que atinxe á tipoloxía e características estéticas do edificio do centro de seccionamento e control, deberanse respectar as directrices de paisaxe DX.17 e DX.20.m. Así mesmo, de non se manter as plantacións forestais existentes no lugar previsto para o edificio, e ser necesario, disporase no seu perímetro unha pantalla vexetal realizada con especies autóctonas, de acordo coas directrices de paisaxe DX.20.i e DX.20.o.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas correctoras determinadas no EIIP deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe
José Luís Álvarez Vicente

O director do Departamento Técnico de Estudos
José Antonio Serantes Barbeito

Visto e conforme, o director do Instituto de Estudos do Territorio
Francisco Barea Paz

(Documento asinado electronicamente)

